



Facultade de Filoloxía e Tradución

(*)

Horarios

Horarios

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

Máster Universitario en Lingüística Aplicada

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01M126V01101	Modelos e Métodos na Lingüística Actual	1c	6
V01M126V01102	Lingüística de Corpus	1c	6
V01M126V01103	Lingüística Aplicada	1c	6
V01M126V01104	Tecnoloxías Lingüísticas	1c	3
V01M126V01105	Recursos Bibliográficos e Xéneros Científicos	1c	3
V01M126V01106	Lingüística de Corpus e Adquisición da Lingua	1c	3
V01M126V01107	Avaliación	1c	3
V01M126V01108	Gramática e Léxico da Lingua de Signos Española	1c	3
V01M126V01109	Deseño e Desenvolvemento de Tecnoloxías Lingüísticas	1c	3
V01M126V01110	Comunicación Multimodal	1c	3
V01M126V01111	Comunicación Oral	2c	3
V01M126V01112	Fundamentos de Lexicoloxía e Lexicografía	1c	3
V01M126V01113	Cuestións de Semántica e Sintaxe	1c	3
V01M126V01201	Conciencia Lingüística (Language Awareness) e Adquisición de Segundas Linguas en Contextos Multilingües	2c	3
V01M126V01202	Aplicacións da Psicolingüística	2c	3

V01M126V01203	Análise da Conversa Aplicada	2c	3
V01M126V01204	Creación e Elaboración de Materiais de Aprendizaxe	2c	3
V01M126V01205	Estratexias e Métodos de Ensino e Aprendizaxe	2c	3
V01M126V01206	Aspectos Socioculturais e Lingüísticos no Ensino de Segundas Linguas	2c	3
V01M126V01207	Usos Profesionais da Lingua de Signos Española	2c	3
V01M126V01208	Adquisición e Desenvolvemento da Lingua na Comunidade Xorda	2c	3
V01M126V01209	Ensino da Lingua Oral a Xordos e da Lingua de Signos a Oíntes	2c	3
V01M126V01210	Procesamento da Linguaxe Oral	2c	3
V01M126V01211	Dixitalización e Edición	2c	3
V01M126V01212	A Información Lingüística e Internet	2c	3
V01M126V01213	Comunicación Escrita	2c	3
V01M126V01214	Terminoloxía e Linguaxes Específicas	2c	3
V01M126V01215	Mediación Lingüística	1c	3
V01M126V01216	Políticas Lingüísticas	2c	3
V01M126V01217	Planificación Lingüística	2c	3
V01M126V01218	Multilingüismo e Internet	2c	3
V01M126V01219	A Elaboración do Dicionario	2c	3
V01M126V01220	A Avaliación dos Dicionarios	2c	3
V01M126V01221	Terminoloxía e Terminografía	2c	3
V01M126V01222	Dimensións do Significado. Semántica e Pragmática	2c	3
V01M126V01223	Gramática e Discurso	2c	3
V01M126V01224	Cuestións Actuais da Gramática	2c	3
V01M126V01225	Variación Lingüística	1c	3
V01M126V01226	Temas de Lingüística Contrastiva	2c	3
V01M126V01227	Contacto de Linguas e as súas Consecuencias	2c	3
V01M126V01228	Cambio Lingüístico	2c	3
V01M126V01229	Prácticas Externas	2c	6
V01M126V01230	Traballo de Fin de Máster	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Modelos e Métodos na Lingüística Actual**

Materia	Modelos e Métodos na Lingüística Actual			
Código	V01M126V01101			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, María del Carmen			
Profesorado	Cabeza Pereiro, María del Carmen			
Correo-e	cabeza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo do curso é proporcionar ao alumnado unha visión das distintas vertentes e metodoloxías actualmente dominantes na investigación lingüística e adestrarlo no uso dalgunhas das ferramentas metodolóxicas básicas dentro dunha orientación específica.			

Competencias

Código	
CB1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.
CB2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB3	Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CB4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
CG1	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG3	Capacidade dos/as estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
CG4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoos de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
CG5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
CE1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística
CE2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
CE3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
CE8	Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e xulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada.
CT1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
CT8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer as principais correntes teóricas actuais sobre o estudo da linguaxe	CG1 CE1 CE2 CE3 CE8

Analizar e interpretar textos de teoría lingüística aplicando diferentes modelos epistemolóxicos	CB1 CB2 CB4 CE1 CE2 CE3 CE8 CT1
Desenvolver habilidades para a análise crítica das principais liñas para o estudo da lingua desenvolvidas nos séculos XX e XXI.	CB1 CB3 CB5 CG1 CE1 CE2 CE8 CT1 CT8
Coñecer as técnicas que integran a metodoloxía actual de investigación lingüística como parte do método científico.	CB1 CG3 CG4 CG5 CE1 CE2 CE3 CE8
Adquirir as bases metodolóxicas, terminolóxicas e teóricas de procedementos de análises lingüísticas	CB1 CG2 CE1 CE2 CE3 CE8 CT1

Contidos

Tema	
1. A lingüística como saber científico	1.1 A complexidade do obxecto de estudo 1.2 Panorama das diferentes aproximacións ao estudo da lingüística na actualidade
2. Ópticas no estudo da linguaxe e metodoloxías asociadas	2.1 As aproximacións formais da lingua e as súas implicacións metodolóxicas 2.2 As aproximacións comunicativas da lingua e os funcionalismos
3. Estudo dunha metodoloxía e as súas implicacións	Teoría e praxe da aplicación dun modelo teórico

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	0	15
Traballo tutelado	5	90	95
Resolución de problemas	5	0	5
Seminario	5	30	35

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións expositivas dos contidos da materia. Servirán para introducir e presentar os diferentes temas do programa, propor cuestións para debater e establecer as directrices para as diferentes actividades e tarefas do curso.
Traballo tutelado	Realización e exposición en clase dun traballo individual que aplique as metodoloxías lingüísticas estudadas.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. É complemento da lección maxistral.
Seminario	Lecturas obrigatorias, resolución de exercicios e prácticas de aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado responsable da materia atenderá de maneira individual calquera dúbida que se suscite no desenvolvemento das sesións teóricas como na elaboración dos traballos.
Traballo tutelado	Atenderase de maneira individual calquera dúbida que se suscite en relación á elaboración dos traballos.
Seminario	Os profesores responsables da materia atenderán de maneira individual calquera dúbida que se suscite no desenvolvemento dos seminarios.
Resolución de problemas	Os profesores responsables da materia atenderán de maneira individual calquera dúbida que se suscite no desenvolvemento dos seminarios.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballo tutelado	Cada estudante desenvolverá un traballo individual que consistirá na análise dun texto ou un conxunto de textos aplicando recursos metodolóxicos de entre os estudados na materia.	70	CE1 CE2 CE3 CE8	CT1 CT8
Resolución de problemas	Valorarase a resposta do alumnado ás cuestións que se propoñan en relación cos conceptos teóricos e metodoloxías das clases maxistras.	10	CB2 CB3	CG5 CE2
Seminario	Valorarase a capacidade crítica no comentario e na discusión das lecturas.	20	CB1 CB4	CE1 CE2 CE3 CE8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Recoméndase ao alumnado con NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS, sexan estas as que sexan, que contacte coa profesora responsable da materia ao comezo do curso para estudar a mellor maneira de adaptar as actividades ás súas habilidades particulares.

Terá a cualificación de "Non presentado" o alumnado que non presente ningunha das probas de avaliación.

Na segunda convocatoria deberase presentar unha nova versión escrita do traballo individual, que será avalado sobre o 100%. O mesmo prevese para a convocatoria de decembro.

O alumnado con dispensa académica oficial será avalado coas mesmas probas, criterios e porcentaxes que o alumnado presencial. Facilitaráselle o seguimento a través da plataforma de teledocencia, de tal forma que poida acceder a toda a información pertinente.

O plaxio será penalizado. En caso de detectarse prácticas de plaxio invalidarase a proba de avaliación correspondente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

García-Gondar, F. y G. Rojo, **A lingüística no século XX**, 2000

Croft, W. & D.A. Cruse, **Lingüística Cognitiva**, Akal, 2004

Eggins, Suzanne, **Introducción a la lingüística sistémica**, Universidad de La Rioja, 2002

Ibarretxe-Antuñano, Iraide & Javier Valenzuela (dirs), **Lingüística Cognitiva**, Anthropos, 2012

Lakoff, G. & M. Johnson, **Metáforas de la vida cotidiana**, Cátedra, 1986

Machin, David & Andrea Mays, **How to do Critical Discourse Analysis**, Sage, 2012

Thompson, Geoff, **Introducing Functional Grammar**, Arnold, 1996

Recomendacións

Outros comentarios

Se existen estudantes con necesidades educativas especiais, sexan estas do tipo que sexan, deben poñerse en contacto cos profesores da materia ao comezo do curso para estudar a mellor maneira de adaptar os contidos e a avaliación do curso ás súas circunstancias.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingüística de Corpus**

Materia	Lingüística de Corpus			
Código	V01M126V01102			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	García-Miguel Gallego, José María			
Profesorado	García-Miguel Gallego, José María			
Correo-e	gallego@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución á lingüística de corpus como unha metodoloxía empírica imprescindible para o estudo das linguas desde unha perspectiva multidisciplinar: gramática, lexicografía, sociolingüística, ensino e aprendizaxe de segundas linguas, etc.			

Competencias

Código	
CE2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
CE3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
CE5	Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido.
CE6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
CE7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística).
CE8	Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e xulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada.
CE9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
CT1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
CT2	Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro.
CT3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
CT4	Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
CT5	Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras.
CT6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
CT7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer a metodoloxía de traballo baseada en corpus.	CE5 CE7 CE8 CT2 CT3 CT4
Coñecer os requisitos que debe cumprir un corpus para ser unha mostra representativa dunha lingua.	CE7 CE8 CT3 CT4

Recoñecer e aplicar termos e conceptos fundamentais que se usan habitualmente no campo da lingüística de corpus.	CE2 CE3 CE5 CE7 CT1 CT3 CT4 CT5
Coñecer os diferentes tipos de corpus posibles, a súa clasificación en función de varios criterios, así como as fases necesarias para o seu desenvolvemento.	CE2 CE3 CE5 CE6 CE8 CT3 CT4
Recoñecer e reflexionar sobre os principios, procedementos e técnicas usadas na lingüística de corpus en diversos campos profesionais.	CE3 CE5 CE6 CE7 CE8 CT4 CT6 CT7
Capacitar o alumnado para operar no tratamento automático da linguaxe.	CE3 CE6 CE8 CE9 CT3 CT4 CT5 CT7

Contidos

Tema	
1. Os corpus orais e escritos	1.1 Definición e tipos. 1.2 A lingüística de corpus.
2. Deseño, elaboración e xestión de corpus lingüísticos	2.1 Bases de datos 2.2 Codificación e anotación de datos.
3. Explotación de corpus lingüísticos	3.1 Análise estatística 3.2 Tratamento informático de datos 3.3 Comparación de datos.
4. Estudo de casos	4.1 Estudo de casos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	3	10	13
Traballo tutelado	0	70	70
Resolución de problemas	12	20	32
Lección maxistral	15	20	35

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Dedicaranse a facer un seguimento do traballo do alumno.
Traballo tutelado	Terá carácter obrigatorio e individual e nel aplicaranse contidos e/ou metodoloxía relativos á materia.
Resolución de problemas	Trátase de exercicios, traballos, comentarios... de carácter obrigatorio. Algúns deles poderán ter carácter non presencial.
Lección maxistral	Os profesores introducirán conceptos e saberes relacionados coa temática da materia, apoiándose en exercicios, comentarios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	O profesor responsable da materia atenderá de xeito individual calquera dúbida que se suscite no desenvolvemento das sesións teóricas
Traballo tutelado	O profesor responsable da materia atenderá de xeito individual calquera dúbida que se suscite na elaboración do traballo tutelado
Resolución de problemas	O profesor responsable da materia atenderá de xeito individual calquera dúbida que se suscite na resolución de problemas

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Deseño, elaboración, codificación e anotación dun corpus (oral e/ou escrito) que permita avaliar a competencia do alumnado nas metodoloxías relacionadas coa materia	60	CE6 CT1 CE7 CT4 CE8 CT5 CE9 CT7
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Empregaranse como complemento da lección maxistral.	25	CE3 CT1 CE6 CT3 CE8 CT4 CE9 CT5
Lección maxistral	Valorarase a asistencia e participación nas clases	15	CE3 CE5 CE7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na [segunda convocatoria] os estudantes poderán presentar unha nova versión dos traballos que non obtivesen o nivel suficiente. No caso de cualificación insuficiente nos apartados relacionados coa asistencia e participación, a nota do traballo constituirá o 100% da cualificación final.

Para os estudantes con dispensa de asistencia, a puntuación alcanzada polos traballos suporá o 100% da nota final, tanto na primeira coma na segunda oportunidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

- Baker, Paul, Andrew Hardie & Tony McEnery, **A Glossary of Corpus Linguistics**, 2006,
- Baker, Paul, **Contemporary Corpus Linguistics**, 2012,
- Biber, Douglas, Susan Conrad & Randi Reppen, **Corpus Linguistics. Investigating Language Structure and Use**, 1998,
- Cheng, Winnie, **Exploring Corpus Linguistics. Language in Action.**, 2012,
- Gries, Stefan, **Quantitative Corpus Linguistics with R: A practical introduction**, 2009 (2ª ed: 2017),
- Gries, Stefan, **Statistics for linguistics with R: a practical introduction**, 2013 (2ª ed.),
- Hunston, Susan, **Corpora in Applied Linguistics**, 2002,
- Jones, Christian & Daniel Waller, **Corpus Linguistics for grammar: a guide for research**, 2015,
- Kennedy, Graeme, **An Introduction to Corpus Linguistics**, 1998,
- Litosseliti, Lia (ed.), **Research Methods in Linguistics**, 2010,
- Lüdeling, Anke & Merja Kytö (eds), **Corpus Linguistics: An international handbook**, 2008-2009,
- McEnery, Tony & Andrew Hardie, **Corpus Linguistics: Method, Theory and Practice**, 2012,
- McEnery, Tony, Richard Xiao & Yukio Tono, **Corpus-based Language Studies. An advanced resource book**, 2006,
- O'Keeffe, Anne & Michael McCarthy (ed.), **The Routledge Handbook of Corpus Linguistics**, 2010,
- Parodi, Giovanni, **Lingüística de corpus: de la teoría a la empiria**, 2010,
- Sardinha, Tony Berber, **Lingüística de Corpus**, 2004,
- Sinclair, John, **Corpus, Concordance, Collocation**, 1991,
- Teubert, Wolfgang & Anna Cermáková, **Corpus linguistics: a short introduction.**, 2007,
- Teubert, Wolfgang & Ramesh Krishnamurthy (eds), **Corpus Linguistics. Critical Concepts in Linguistics**, 2007,
- Tognini-Bonelli, Elena, **Corpus Linguistics at Work.**, 2001,
- Weisser, Martin, **Practical corpus linguistics: an introduction to corpus-based language analysis**, 2016,
- Wynne, Martin (ed.), **Developing Linguistic Corpora: a Guide to Good Practice**, 2005,

Recomendacións

Outros comentarios

Se existen estudantes con necesidades educativas especiais, sexan estas do tipo que sexan, deben poñerse en contacto co profesor da materia ao comenzo do curso para estudar a mellor maneira de adaptar os contidos e a avaliación do curso ás súas circunstancias.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingüística Aplicada				
Materia	Lingüística Aplicada			
Código	V01M126V01103			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Alonso Núñez, Aquilino Santiago Acuña Trabazo, Ana			
Profesorado	Acuña Trabazo, Ana Alonso Núñez, Aquilino Santiago			
Correo-e	aalonso@uvigo.es ganime@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Impártese desde a Universidade de Vigo polos profesores: Alonso Núñez, Aquilino Santiago Acuña Trabazo, Ana			
	Introducir os temas de investigación e os enfoques e métodos propios das distintas ramas da lingüística aplicada.			

Competencias	
Código	
CB1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
CB2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB3	Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CB4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
CE2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
CE3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
CE6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
CT6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
CT7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
CT8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Distinguir as principais ramas da lingüística aplicada	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2 CE3 CE6 CT6 CT8

Xestionar e comprender as situacións comunicativas específicas:	CB1
-Aplicacións psicolingüísticas	CB2
-Aplicacións Sociolingüísticas	CB3
-Interacción comunicativa	CB4
-Industrias da lingua e tecnoloxías lingüísticas	CB5
-Didáctica e aprendizaxe de linguas nun contexto multicultural e multilingüe	CE2
	CE3
	CE6
	CT7
	CT8

Contidos

Tema	
1. Contextualización das Aplicacións da Lingüística	1.1. Lingüística teórica versus Lingüística aplicada 1.2. A Lingüística Aplicada no conxunto global da Lingüística 1.3. O seu raizame e a súa fundamentación
2. Perfís actuais das áreas da Lingüística aplicada	2.1. A Glosodidáctica que salienta os problemas da aprendizaxe de linguas 2.2. A Traductoloxía que destaca os procesos de transferencia e o concepto de equivalencia comunicativa 2.3. A Planificación lingüística que integra problemas de adaptación de corpus y de funcións(estatus) 2.4. A Lingüística clínica que aborda as patoloxías verbais como disfuncións da comunicación 2.5. A Lingüística forense que subliña o papel de rasgos lingüísticos particulares nas peritaxes de identificación; as asesorías en comunicación 2.6. A Lingüística tecnolóxica (lingüística de corpus, lingüística informática e lingüística computacional) que diseña ferramentas para procesar automaticamente as linguas
3. Proxeccións de teoría aplicada na aprendizaxe e no ensino de linguas.	3.1. A Glosodidáctica 3.2. Teoría e modelos en tradución
4. As aplicacións requiridas nas disfuncións comunicativas. A Lingüística Clínica	4.1. As aplicacións requiridas nas disfuncións comunicativas 4.2. A Lingüística Clínica
5. Modelos e teorías aplicables en planificación lingüística. Política e planificación lingüísticas	5.1. Modelos e teorías aplicables en planificación lingüística 5.2. Política e planificación lingüísticas
6. Aplicacións da Lingüística e novas tecnoloxías. A Lingüística tecnolóxica	6.1. Aplicacións da Lingüística e novas tecnoloxías 6.2. A Lingüística tecnolóxica
7. Aplicacións en asesorías de comunicación e nas peritaxes. A Lingüística forense	7.1. Aplicacións en asesorías de comunicación e nas peritaxes 7.2. A Lingüística forense

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	10	20	30
Debate	10	10	20
Traballo tutelado	0	30	30
Lección maxistral	10	30	40
Traballo	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Propostos polo profesorado ou polo alumnado.
Debate	Sobre lecturas e vídeos propostos polo profesorado.

Traballo tutelado	Acordados entre o/a docente e o/a discente.
Lección maxistral	Non sempre a cargo do profesor/a.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Tanto en horario de titorías como por e-mail e plataforma docente faitic.
Debate	Tanto en horario de titorías como por e-mail e plataforma docente faitic.
Traballo tutelado	Tanto en horario de titorías como por e-mail e plataforma docente faitic.
Probas	Descrición
Traballo	Tanto en horario de titorías como por e-mail e plataforma docente faitic.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	Propostos polo profesor/a ou os/as alumnos/as para complementar as explicacións.	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE6	CT6 CT7 CT8
Debate	Seguindo sobre vídeos e textos relacionados cos contidos da materia.	20	CB1 CB2 CB3 CB4	CE2 CE3	CT7
Traballo tutelado	Pactados co profesorado que poderán ser incluídos no cartafol.	25	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE6	CT6 CT7 CT8
Lección maxistral	Presentación de temas relacionados cos contidos incluídos na materia.	10	CB3 CB4 CB5	CE3	CT6 CT8
Traballo	Que poderán ser incluídos no cartafol e poderán ser expostos nas sesións de aula.	25	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE6	CT6 CT7 CT8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Dependendo das causas, se se necesitase ser avaliado na segunda oportunidade (xullo), o alumnado realizará os mesmos traballos ou unha proba escrita ou oral segundo as indicacións do profesorado.

O alumnado xordo poderá realizar as probas de avaliación en lingua de signos e con intérprete ou por escrito.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Brumfit, Christopher, **How applied linguistics is the same as any other science**, 7/1, 1997

Calvet, Louis-Jean, **Por unha ecología das linguas no mundo**, Santiago de Compostela: Laivento, 2004

Candelier, Michélie et al., **MAREP (Marco de Referencia para los Enfoques Plurales de las Lenguas y de las Culturas)**, European center for Modern Languages, 2008

Chapelle, Carol (ed.), **The Encyclopedia of Applied Linguistics**, London: Wiley & Sons, 10 vols, 2012

Cook, Guy, **Applied Linguistics**, Oxford: Oxford University Press, 2003

Council of Europe, **Common European Framework of Reference for Languages: Learning, Teaching, Assessment**, Cambridge: Cambridge University, 2001

Crystal, David, **"Who pays the piper calls the tune: changing linguistic goals in the service of industry. A case study"**, Bangor: Language Technologies Unit, 2008

Davies, Alan & Elder, Catherine, **General Introduction. Applied Linguistics: Subject to discipline?**, Oxford: Blackwell, 2003

Del Valle, José; Narvaja de Arnoux, Elvira (eds.), **Ideoloxías lingüísticas y el español en contexto histórico**, 7/1, 2010

Fernández Pérez, Milagros (coord.), **Avances en Lingüística Aplicada**, Santiago de Compostela: Publicaciones de la Univer, 1996

- Fernández Pérez, Milagros, **Aplicaciones de la Lingüística y nuevas tecnologías. De hecho, pareja**, Santiago de Compostela: Publicaciones de la Univer, 2005
-
- Fernández Pérez, Milagros, **Algunas líneas maestras de la lingüística actual**, Granada: Comares, 2013
-
- Fernández Pérez, Milagros, **La Lingüística Aplicada en la actualidad. Algunas dimensiones sobresalientes**, Alcalá: Publicaciones de la Universidad, 2017
-
- Giacalone-Ramat, Anna; Rigotti, Eddo & Rocci, Andrea (eds.), **Linguistica e Nuove Professioni Proceedings of the Pavia-Lugano conference on "Linguistics and the New Professions"**, Milano: Franco Angeli, 2003
-
- Kaplan, Robert, **The Oxford Handbook of Applied Linguistics**, Oxford: Oxford University Press, 2010
-
- Hensley, Joel, **A Brief Introduction and Overview of Complex Systems in Applied Linguistics**, 11, 2010
-
- Kemmer, Suzanne & Barlow, Michael, **Introduction: A Usage-Based Conception of Language**, Stanford: Center for the Study of Language and Inf, 1999
-
- Lacorte, Manel, **Lingüística aplicada del español**, Madrid: Arco Libros, 2007
-
- Larsen-Freeman, Diane & Cameron, Lynne, **Complex Systems and Applied Linguistics**, Oxford: Oxford University Press, 2008
-
- Llisterri, Joaquim, **"Lingüística y tecnologías del lenguaje"**, 2, 2003
-
- Morales López, Esperanza; Prego Vázquez, Gabriela; Domínguez Seco, Luzia, **El conflicto en las empresas desde el Análisis del Discurso**, A Coruña: Universidade da Coruña, 2006
-
- Morales López, Esperanza, **Discursos desde la empresa y desde la política**, Saarbrücken: Editorial Académica Española, 2013
-
- Payrató, Lluís, **De profesión, lingüista. Panorama de la lingüística aplicada**, Barcelona: Ariel, 1998
-
- Sánchez Lobato, Jesús; Santos Gargallo, Isabel, **Vademécum para la formación de profesores. Enseñar español como segunda lengua (L2)/lengua extranjera (LE)**, Madrid: SGEL, 2005
-
- Simpson, James (ed.), **The Routledge Handbook of Applied Linguistics**, London: Routledge, 2011
-
- Schmitt, Norbert, **An Introduction to Applied Linguistics**, London: Arnold, 2002
-
- Slama Cazacu, Tatiana, **Linguistique appliquée: une introduction**, Brescia: La Scuola, 1984
-
- Stegu, Martin, **La Linguistique appliquée : discipline ou groupement de disciplines indépendantes ?**, 33/ 1, 2011
-
- Tomic, Olga M. & Shuy, Roger W. (eds.), **The Relation of Theoretical and Applied Linguistics**, New York: Plenum, 1987
-
- Widdowson, Henry, **Applied linguistics, interdisciplinarity, and disparate realities**, Clevedon: Multilingual Matters, 2005
-

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Tecnoloxías Lingüísticas**

Materia	Tecnoloxías Lingüísticas			
Código	V01M126V01104			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Gómez Guinovart, Francisco Xavier			
Profesorado	Gómez Guinovart, Francisco Xavier			
Correo-e	xgg@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado na comprensión dos conceptos e das técnicas utilizadas no procesamento informático da linguaxe, e no uso das ferramentas, aplicacións e recursos de tecnoloxía lingüística.			

Competencias

Código	
CB2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
CG1	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG3	Capacidade dos/as estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
CG4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
CG5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
CE7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística.
CE10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
CT3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
CT5	Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras.
CT6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
CT8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística[]).	CB2 CB4 CG2 CG3 CG4 CE7 CE10 CT3 CT5 CT6 CT8
--	--

Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.	CB2 CB5 CG1 CG3 CG4 CG5 CE7 CE10 CT3 CT6 CT8
---	--

Contidos

Tema	
Lingua e Sociedade do coñecemento	Tecnoloxías lingüísticas e procesamento da lingua natural (PLN) Panorámica das aplicacións das tecnoloxías lingüísticas e do PLN
Escritura asistida por ordenador	Corrección ortográfica, léxica, gramatical e estilística Correctores en procesadores de textos Correctores en liña
Dicionarios electrónicos	Concepto de dicionario electrónico Dicionarios en soporte informático e en liña Deseño e explotación de dicionarios electrónicos Presentación de proxectos en curso
Tradución automática	Tradución automática (TA) e tradución asistida por ordenador Sistemas de TA baseados en regras Sistemas de TA baseados en estatística Memorias de tradución
Aprendizaxe de linguas asistido por ordenador	Sistemas de aprendizaxe de linguas Compilación e explotación de corpus de aprendices (learner corpus) Uso de programas de concordancias na aprendizaxe de linguas asistido por ordenador

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	7	10	17
Traballo tutelado	0	18	18
Prácticas autónomas a través de TIC	0	8	8
Lección maxistral	8	24	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Formúlanse exercicios relacionados coa materia, e o estudiantado debe resolvelos aplicando os coñecementos asimilados nas clases.
Traballo tutelado	Traballo individual de curso sobre un aspecto concreto do programa da materia.
Prácticas autónomas a través de TIC	Prácticas autónomas de ferramentas, aplicacións ou recursos obxecto de estudo da materia.
Lección maxistral	Exposición, por parte do profesorado da materia, dos contidos obxecto de estudo ou das actividades que ten que desenvolver o alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Resolución de problemas	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización de exercicios sobre os contidos da materia.
Traballo tutelado	O alumnado recibirá asistencia do profesorado para a correcta elaboración do traballo individual de curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Resolución de problemas	Avaliación dos exercicios prácticos e problemas realizados en clase sobre os contidos da materia	20	CB2 CB4	CG3 CG4	CE7 CE10	CT3 CT6
Traballo tutelado	Traballo individual sobre algún aspecto concreto dos contidos da materia	65	CB2 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4	CE7 CE10	CT3 CT6
Lección maxistral	Valorarase a asistencia e participación nas clases	15	CB4 CB5	CG2 CG5	CE10	CT6 CT8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na segunda edición das actas, o alumnado poderá presentar unha nova versión do traballos que non obtivesen o nivel suficiente. Nesta "segunda oportunidade", en caso de cualificación insuficiente nos outros apartados, a nota do traballo constituirá o 100% da cualificación final.

Para o alumnado con dispensa de asistencia, a puntuación alcanzada polo traballo suporá o 100% da nota final, tanto na primeira coma na segunda oportunidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Oliver, Antoni, **Herramientas tecnológicas para traductores**, Editorial UOC, 2016

Martí, Maria Antònia (ed.), **Tecnologías del lenguaje**, Editorial UOC, 2003

Bibliografía Complementaria

Baker, Paul (ed.), **Contemporary Corpus Linguistics**, Continuum, 2009

Clark, Alexander, Chris Fox e Shalom Lappin (eds.), **The Handbook of Computational Linguistics and Natural Language Processing**, Wiley-Blackwell, 2010

Indurkha, Nitin e Fred J. Damerau (eds.), **Handbook of Natural Language Processing**, Second Edition, Chapman and Hall/CRC, 2010

Martí, Maria Antònia e Joaquim Llisterra (eds.), **Tecnologías del texto y del habla**, Edicions Universitat de Barcelona, 2004

Recomendacións

Outros comentarios

Nesta materia, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.

Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como no seu traballo persoal fóra da aula.

O alumnado deberá consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que este será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais por parte do profesor.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Recursos Bibliográficos e Xéneros Científicos**

Materia	Recursos Bibliográficos e Xéneros Científicos			
Código	V01M126V01105			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Benigno			
Profesorado	Fernández Salgado, Benigno			
Correo-e	bfsalgado@gmail.com			
Web				

Descrición xeral	Os obxectivos da materia serán os seguintes: 1. Tomar conciencia da relevancia que ten o dominio da lectura e da escrita académica no ámbito universitario. 2. Adquirir competencias para a xestión dos recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación, o cal implica: 2.1. Coñecer as fontes relevantes de información bibliográfica e saber acceder a elas. 2.2. Saber utilizar adecuadamente os recursos e equipamentos. 2.3. Dominar a tecnoloxía para rexistrar datos. 2.4. Familiarizarse co manexo de fontes documentais. 3. Coñecer os xéneros científicos habituais no ámbito da lingüística. 4. Adquirir competencias para planificar, desenvolver e redactar traballos de investigación lingüística.
------------------	--

Competencias

Código	
CE9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
CT1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
CT2	Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro.
CT3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso á información bibliográfica, utilización axeitada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)	CE9 CT1 CT2 CT3

Contidos

Tema	
1. O TEXTO ACADÉMICO-CIENTÍFICO	1.1. A lectura e a escrita académicas no ámbito universitario 1.2. Características xerais dos textos académico-científicos 1.3. Os xéneros científicos
2. FONTES DOCUMENTAIS NO ÁMBITO ACADÉMICO-CIENTÍFICO	2.1. Tipoloxía de fontes documentais 2.2. Recursos bibliográficos en liña 2.2.1. Catálogos bibliotecarios 2.2.2. Bases de datos bibliográficas 2.2.3. Repositorios textuais 2.3. Contido e organización das principais bases de datos de lingüística e linguas 2.4. Creación e xestión de bases de datos persoais 2.4.1. Manexo dos xestores bibliográficos para a importación e xestión de contidos 2.4.2. Refworks 2.5. Sindicación de contidos

3. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO CIENTÍFICO: 3.1. Preescrita: o deseño do traballo
 SELECCIÓN, ORGANIZACIÓN E PRESENTACIÓN DA 3.1.1. Temas: problemas, preguntas, hipóteses
 INFORMACIÓN 3.1.2. Metodoloxías: estratexias, focaxes e técnicas
 3.2. Escrita: a redacción do traballo
 3.2.1. As partes do texto: escribir introducións e conclusións
 3.2.2. Sintetizar información: paráfrases, citas e referencias
 3.2.3. Redactar parágrafos académicos
 3.3. Postescrita: avaliación e corrección lingüística

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	0	10
Prácticas en aulas informáticas	5	10	15
Traballo tutelado	0	18	18
Seminario	3	4	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dos traballos e exercicios a desenvolver polo estudante. Son 10 horas presenciais.
Prácticas en aulas informáticas	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvolveranse con equipamento especializado nunha aula informática. As actividades, prácticas e exercicios suman 15 horas: 5 horas presenciais e 10 non presenciais.
